



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 235/2012, do 5 de decembro e o Decreto 72/2013, do 25 de abril.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ostenta a representación da profesión de psicólogos na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e desenvolvemento técnico e científico da Psicoloxía e do servizo dos seus profesionais á sociedade.

Entre as competencias atribuídas á Xunta de Goberno desta entidade, están as de poder constituír grupos de traballo ou estudo, designar aos colexiados/as que estime oportuno para a presentación de informes, estudos e ditames, por requirimento ou a iniciativa propia, co fin de asesorar e apoiar, coa actuación do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, a acción permanente dos órganos e autoridades competentes en materia de protección civil tanto na prevención como na intervención ante situacións de emerxencia.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias "GIPCE", conta coa capacitación técnica e estrutura organizativa necesarias, adquiridas ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade, o que nos permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta psicolóxica en desastres de media e gran magnitude.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.





O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a citada entidade, en canto ao apoio aos órganos e autoridades competentes, tanto en situacións derivadas de desastres de media e gran magnitude que poidan darse na nosa comunidade, como na mellora na prevención e seguridade dos nosos cidadáns, fortalecendo a planificación e intervención ante as necesidades de actuación psicolóxica tanto dos afectados directos, os seus achegados así como os membros dos grupos operativos actuantes nas emerxencias.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de atender ás emerxencias ordinarias especiais avaliadas polos técnicos do GIPCE, asesorar a elaboración dos plans de protección civil realizados pola Xunta de Galicia, participar na implantación dos plans que poidan xerar importantes repercusións nas persoas e no medio ambiente, formar parte do gabinete de información e difusión dos citados plans cara á poboación, participación en simulacros e xornadas programadas coas asociacións provinciais de AVPC, na formación do persoal técnico e colaborador de protección civil e intervir noutras comunidades autónomas en situacións de emerxencia que, debido á magnitude das mesmas, desborde a súa capacidade de resposta.

Dado que estas funcións de interese público e social só poden ser exercidas de forma exclusiva nesta comunidade polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2006 do 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.0 e código de proxecto 2015 00138 dos orzamentos do ano 2016, por un importe de vinte e dous mil euros (22000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2016

O director xeral de Emerxencias e Interior

Luis Menor Pérez

